

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 24/05/1972

Colección:

Data: 24/05/1972

De:

Luís Seoane;

Para:

Fernando Pereira Caamaño;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Montevideo (local), Montevideo (departamental), Uruguai (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Exposición de Luís Seoane. Montevideo. 1972; Premios; Vieira de Plata;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 24/05/1972

Buenos Aires, 24 de Mayo de 1972

Sr. D. Fernando Pereira
Montevideo

Querido amigo:

Recibín a súa carta de onte. Recibín tamén a que se refire á Vieira de Plata, que agradezo moito e que responderei un destes días.

Agora limítome a facelo con esta que me remitiu o 23. A portada é precisamente así, apaisada, e as coores cubren as dúas tapas e o lomo. Tamén debín indicar onde iban tídoos, nome do autor e editorial. Eu xa me esquecín de todo isto, pois fai máis de un ano, cavilo, que fixen ese dibuxo. Mais penso que agora queda todo aclarado. O día 14 do mes que vén inauguro unha mostra de grabados en Montevideo i entón

falaremos da posibilidade de outra de dibuxos ou grabados.

Moitas gracias por todo. Reciban a súa dona e vostede o saúdo da miña e unha aperta pra vostede de:

[Seoane]

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.